

## #Gondomar acollerá este martes o reto do cubo de auga xeadá en apoio aos enfermos de ELA

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 25 Agosto 2015 09:12

---



Hoxe as 7.45 da tarde na pista polideportiva do IES Terra de Turonio e organizado pola AD Vincios (equipo de Tenis mesa) farase o reto do cubo de auga xeadá como apoio e chamado e atención para que se siga investigando para atopar a cura da ELA (Esclerosis lateral amiotrófica) e outras enfermidades neuromusculares dexenerativas.

Dende o clube retase a outros clubes e asociacións do Val Miñor e de toda Galicia para que fagan o mesmo preferiblemente neste mes dentro da campaña "*cada Agosto hasta que se encuentre la cura*" que promove FUNDELA ([www.fundela.info](http://www.fundela.info)) e outras asociacións de todo o mundo e está a conseguir recadar moito diñeiro para que se abran novas liñas de investigación para atopar unha cura .